

PEZA DO MES

decembro

2010



ESTATUA ROMANA



ESTATUA ROMANA

A peza que hoxe presentamos procede do interesante complexo arqueolóxico de *Aquis Querquennis*, do que forma parte un campamento militar creado en época de Vespasiano para velar pola construción e seguridade da *Via Nova*, e unha mansión viaria, a cuarta desde Braga, a 53 millas desta cidade, que iría medrando sobre todo a partir do reinado de Adriano, cando o campamento desaparece como tal.

O conxunto está conformado por doce fragmentos de bronce dunha estatua de tamaño natural correspondente, como veremos, a un emperador. O fragmento máis representativo corresponde á parte anterior da cabeza, entre a fronte e a boca, con practicamente a totalidade do nariz e o ollo dereito. O resto pertence á parte do corpo, entre os que destacan algúns fragmentos con molduras, que parecen representar dobras da vestimenta, e algún outro decorado cunha moldura cun refundido rectangular para encaixar determinadas partes do corpo. Todos os fragmentos aparecen recubertos dunha fina película de dourado.


A técnica empregada para a elaboración destas estatuas e a coñecida como “cera perdida”, podéndose levar a cabo polo método directo e indirecto, permitindo o segundo conservar o modelo orixinal, de tal forma que se podía repetir a fundición en caso de que saíse defectuosa ou se quixera reproducir máis dun orixinal. Basicamente a técnica consiste na realización dun modelo en cera a partir dun núcleo de barro, que era recuberto por capas superpostas deste mesmo material. Ao cocer o conxunto no forno, a cera fúndese, ocupando o seu espazo o bronce líquido que, unha vez frío e roto o manto exterior de barro, permitía retirar a escultura. Os grandes bronzes non eran fundidos nunha soa peza, senón en partes que máis tarde eran ensambladas; isto explica a presenza de remaches,

restos de soldadura e refundidos para montar os diferentes elementos.

No mundo romano as estatuas en bronce considerábanse de maior importancia que as de mármore, e polo que sabemos eran moito máis numerosas. Pero as de bronce foron as que máis facilmente desapareceron, debido ao seu alto valor e as súas grandes posibilidades de reconversión, mediante a desmembración e refundición. O desequilibrio aparente entre estatuas de mármore e de bronce non debía ser tal se temos en conta recentes estudos acerca de soportes epigráficos sobre pedestais de estatuas desaparecidas, que en ocasións permiten determinar o material das imaxes, ben por medio dos propios textos ou, sobre todo, tendo en conta as pegadas que a ancorexe das estatuas deixou neles. Así a existencia dun amplo rebaxo no remate superior dos pedestais, indica, a miúdo, a súa correspondencia cunha efíxie marmorea, necesitada habitualmente de plinto ou base para o seu sostemento; polo contrario, a presenza dun ou varios orificios no coramento das bases asóciase a estatuas metálicas, provistas de espigas nos pés para encaixar nos ocos citados. Tendo e conta estas apreciacións, de 37 inscricións imperiais documentadas, 32 corresponden a representacións metálicas, mentres que só cinco parecen asociarse a efíxies marmóreas. Das primeiras sabemos con certeza que dúas foron de ouro e catro de prata.

Moitos emperadores preferiron as estatuas de bronce sobre as de metais nobres. Dion Cassio cóntanos que cando o Senado decidiu levantar unha estatua de ouro ao emperador *Didius Iulianus*, que só durou dous meses, este decidiu desbotala dicindo: “Dádeme unha estatua de bronce, para que permaneza, pois vexo que as de ouro e prata dos meus predecesores foron destruídas, mentres que as de bronce seguen en pé”.

As estatuas de ouro, *aurea* ou *ex auro*, ouro macizo, estaban reservadas para os deuses e emperadores diviniza-



EXCAVACIONES ARQUEOLÓGICAS EN AQVIS QVERQVENNIS. ACTUACIONES EN EL CAMPAMENTO ROMANO (1975-2005). ANEJOS DE LAROUCO, 4. ANTONIO RODRÍGUEZ COLMENERO, SANTIAGO FERRER SIERRA (EDITS).

dos, mentres que as *imagines*, estatuas *auro inlustrae*, *auro fulgens*, sobredourado, e de prata eran para emperadores vivos e membros destacados da familia imperial ou da orde senatorial. En relación coas estatuas douradas en Hispania cabe citar a *Cn. Numisius Modestus*, importante cargo da Tarraconense que no *concilium provinciae ad statuas aurandas divi hadriani*, foi elixido para velar e supervisar que as estatuas de Adriano foran debidamente douradas despois da divinización do emperador.

Neste sentido os restos da estatua de *Aquis Querquennis* poden perfectamente pertencer a algún emperador, en tamaño natural ou maior co natural, pero hai máis elementos que nos poden axudar a afondar neste aspecto.

Resulta de gran interese o lugar do achado, no interior da cisterna dun patio rectangular que separa dúas aliñacións afrontadas de habitacións correspondentes ao número 1 dos *strigia* ou barracón do campamento romano no que se aloxaban os soldados. Debemos ter en conta que os militares romanos a imaxe do emperador sempre estaba presente, posto que non só lle prestaban xuramento militar, senón que tamén coñecían o seu rostro polas moedas que recibían como salario, contando ademais cada campamento cunha estatua do emperador para xura de bandeira, ofrendas e sacrificios en días sinalados.

Nos campamentos militares situados nas fronteiras do Imperio Romano ao longo do Rhin e do Danubio, desde o Mar do Norte ao Mar Negro, documentáronse moitos fragmentos de estatuas de bronce atribuídas a emperadores romanos. Por regra xeral estas estatuas estaban situadas nos *principia*, edificio principal do campamento, destinado a funcións administrativas e de representación, formado por un patio cunha serie de habitáculos entre os que se atopaba o *sacellum*, espacio coincidente co centro exacto do *decumanus*, no que se gardaban os estandartes. A pesares de que os fragmentos de *Aquis* non apareceron no *principia*, os escavadores do campamento documentaron no centro do patio deste espazo, unha estrutura que

ben puido ter servido de base dun podio ou pedestal para a estatua do emperador. Esta situación estratéxica no centro do campamento permitiría ver a estatua desde diversos puntos, podendo participar un gran número de soldados nos actos de xuramento e representativos en honor do emperador.

A localización dos fragmentos no interior dunha cisterna, fóra do que sería o seu lugar habitual, tamén nos pode axudar para a identificación do emperador representado na estatua. O único emperador que foi obxecto dunha *damnatio memoriae*, no período cronolóxico que abrangue o depósito, é Domiciano. Unha vez asasinado como consecuencia dunha conspiración de palacio, os senadores de Roma déronse presa para aprobar unha condena da súa memoria, polo que non sería nada estrano, que con tal motivo, a súa estatua fora destruída a tirada no interior dunha cisterna.

Habitualmente, os fragmentos de estatuas atopados son tan pequenos que, na maioría das veces, non permiten a súa atribución a un tipo concreto. Poden proceder dun togado, dun *toracato*, dunha estatua idealizada ou dunha ecuestre. No caso que nos ocupa, a pesar de contar con doce fragmentos, algúns de medidas considerables, ningún é o suficiente representativo para permitir identificar con claridade o tipo representado.


Na *Gallaecia* a escultura en bronce está ligada á arte culta, con paralelos claros noutras zonas do imperio en canto a temática, formas, técnicas, etc. As obras pertencen maioritariamente a pequenas figuras de divindades que se colocarían nos *lararia*, distintos apliques e instrumentos e, en menor medida, a estatuaria maior. Esta última —entre a que se atopan o fragmento de brazo de Rosinos de Vidrales, a aguia de Carbedo, a de Baños de Molgas e a peza que hoxe nos ocupa— está relacionada co exército e co emperador, atopándose en asentamentos rurais, sobre todo de carácter militar.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

Museo Arqueolóxico

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

